

Reunida a Mesa Delegada onde se tratan os temas relacionados con todo o persoal da Inspección trasladámosche a información dada polo organismo ás diferentes cuestións expostas por CIG, calquera dúbida ou consulta estamos á túa disposición no correo electrónico que figura ao pé de páxina.

Traballo a distancia→

Solicitudes	Número	Porcentaxe
Autorizadas	651	100 %
Denegadas	0	0 %

Modalidade de prestación	Número	Porcentaxe
Presenza física 2 días	162	12,96 %
Presenza física 3 días	489	39,12 %
Presenza física 5 días	599	47.92 %
Total	1.250	100 %

A administración asume o compromiso de que ante calquera modificación ou novidade lexislativa que poida xurdir e influír neste tema trátase neste ámbito de mesa delegada.

Concursos→

Concurso xeral con postos de nivel 12 a 22: convocado por Resolución do 15 de xaneiro de 2024 (BOE do 23 de xaneiro). Incluíronse 28 postos, 1 deles a resultas. Prevese resolvelo antes de verán.

- Concurso específico con postos de nivel 23 a 28: convocado por Resolución de 22 xaneiro de 2024 (BOE do 1 de febreiro). Incluíronse 28 prazas, 2 deles a resultas. Prevese resolvelo antes de verán.
- Concurso xeral con postos de traballo de nivel 12 a 22: preparouse un novo concurso xeral composto por 26 postos. Actualmente está pendente de publicación no BOE.
- Concurso de traslados de persoal funcionario pertencente ao Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Seguridade e Saúde Laboral: tense previsto convocalo antes de verán.
- Concurso de traslados de persoal funcionario pertencente ao Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Emprego e Seguridade Social: tense previsto convocalo antes de verán.
- Concurso de traslados de postos de Xefa ou Xefe de Equipo de Inspección: tense previsto convocalo antes de verán.
- Concurso de traslados de persoal funcionario pertencente ao Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social: tense previsto convocalo a mediados de ano.

Procesos selectivos→

OEP 2020:

- Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social: convocatoria publicada o 24 de marzo de 2021. Finalizado o concurso previo, a elección de destinos das persoas aprobadas neste proceso foi remitida á Subsecretaría, estando pendente de aprobación pola CECIR a adaptación dos postos ocupados por persoas do Corpo de Subinspectores Laborais que aprobaron por promoción interna. A continuación, remitirase toda a documentación á Secretaría de Estado de Función Pública para tramitar os nomeamentos como persoal funcionario de carreira.

OEP 2021/2022:

- Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social: convocatoria publicada o 30 de decembro de 2022. Incluíronse 146 prazas de quenda libre, 45 da OEP 2021 e 90 da OEP 2022 máis 10 a pedimento de Cataluña e 1 a pedimento de País Vasco; e 35 prazas de promoción interna, 15 da OEP 2021 e 20 da OEP 2022. O cuarto exercicio celebrouse os pasados 24 e 25 de xaneiro de 2024.

- Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Emprego e Seguridade Social: convocatoria publicada o 26 de decembro de 2022. Incluíronse 126 prazas de quenda libre, 55 da OEP 2021 e 70 da OEP 2022 máis 1 a pedimento de Cataluña; e 20 prazas para promoción interna, 10 da OEP 2021 e 10 da OEP 2022. Atópanse realizando o período de prácticas na Escola da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

- Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Seguridade e Saúde Laboral: publicouse a convocatoria o 3 de decembro de 2022. Incluíronse 128 prazas de quenda libre, 60 da OEP 2021 e 65 da OEP 2022, máis 2 a pedimento de Cataluña e 1 a pedimento de País Vasco. Atópanse realizando prácticas en provincias.

OEP 2023:

- Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social: convocatoria pendente de publicación.

- Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Emprego e Seguridade Social: convocatoria publicada o 27 de decembro de 2023. Incluíronse 72 prazas de quenda libre, 70 da OEP 2023, máis 2 a pedimento de País Vasco; e 15 prazas para promoción interna. O primeiro exercicio celebrarase o próximo 16 de marzo de 2024.

- Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Seguridade e Saúde Laboral: publicouse a convocatoria o 29 de decembro de 2023. Incluíronse 73 prazas de quenda libre, 65 da OEP 2023, máis 1 a pedimento de Cataluña e 7 a pedimento de País Vasco. O primeiro exercicio celebrarase o próximo 23 de marzo de 2024.

Prevención de riscos laborais→

Recoñecementos médicos: No ano 2023 realizáronse exames de saúde ao persoal do Organismo. En total foron realizados 1.203 exames de saúde (498 homes e 705 mulleres).

Na actualidade está a prepararse o novo contrato público que contemplaría os exames de saúde periódicos, conforme establece o artigo 22 da LPRL, con obxecto de realizalos en 2025.

Avaliación de riscos psicosociais: Tras os traballos realizados en 2023 e xaneiro de 2024, no momento actual estase en fase de última redacción da avaliación, estando moi próxima a súa finalización total.

Desde CIG volvemos reclamar a realización dunha reunión extraordinaria da Mesa Delegada monografica sobre este tema da prevención de riscos laborais.

Incremento salarial para o ano 2024→

O organismo informa que seguen esperando á súa aprobación mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Desde CIG podemosvos adiantar que segundo parece as intencións son que saia adiante con algunha norma legal que se tramite antes dos PGE.

incorporación de persoal→

Resultado da OEP 21/22 incorporásenlle ao organismo 20 prazas de perfil informático.

Tamén está pendente de autorización unha cota de 10,5 xornadas para realizar contratacións.

RPT→

O organismo ten claro que o diagnóstico realizado para alcanzar o acordo do 7 de xullo de 2021 é acertado e segue adiante coa necesidade de dispoñer desa nova RPT que desde CIG seguimos e seguiremos demandando. É necesario que se cumpra o acordo alcanzado do 21 de abril de 2022 da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado polo que se adoptaban medidas de reforzo do funcionamento da inspección e que desde CIG impulsamos e asinamos

Ante a insistencia de CIG informámonos que xa houbo unha reunión entre a Subsecretaría do ministerio e a Secretaría de Estado de Función Pública, aínda que non nos din nada do resultado da mesma, pero seguiremos insistindo neste asunto a todos os niveis.

Produtividade extraordinaria plan PIA→

Como sabes era unha cantidade de seis millóns de euros consignados no capítulo I, destinados a financiar a RPT por iso fíxose o PIA.

Como tamén sabes o ano pasado desde CIG propuxemos e insistimos na recuperación dese diñeiro e coas mesmas condicións de repartición e ao final tivemos un pago único que deu satisfacción á nosa demanda.

Este ano, en todas as ocasións que temos oportunidade, vimos reclamando o mesmo o plan PIA coas mesmas condicións de repartición.

De momento non tivemos éxito e o organismo non se pronuncia neste asunto, de garantir este diñeiro, pero seguiremos insistindo en algo que consideramos de xustiza debido a que aínda non temos RPT e isto mesmo se da noutros organismos e ano tras ano apróbanse as cantidades podendo dicirse que se consideran consolidadas, pois aquí demandamos o mesmo.

Produtividade de tardes→

O organismo insiste en que, de momento, si se percibe a produtividade de tardes queda subsumida a produtividade mensual ordinaria. Pero tal e como nos indicou en anteriores ocasións é un tema que podemos levar cando se retomen o grupo de traballo de produtividade, e así o faremos.

Acción social→

Parouse a posta en marcha do plan por un reparo da intervención delegada, esperan podelo resolver en breve e indican que previsiblemente publicarán o plan para mediados deste mes.

Novo Integra→

Infórmanos que se adxudicou o contrato no 2023 e esperan que este finalizada a nova arquitectura de Integra en setembro do 2025.

Itinerarios→

Incrementouse o límite semestral en computo anual, este incremento que veu dado desde Función Pública, pero tal e como xa vos informamos segue sendo posible utilizar a exoneración. A condición de que se xustifique e dispóñase de orzamento non haberá problema na súa autorización.

Unidades de calculo→

É un proxecto que se xestou entre a Dirección Xeral, a Escola e a Oficina de loita contra a fraude, e que estivo parado precisamente polos cambios de responsables nestes ámbitos.

Infórmannos que se crean no ámbito das Direccións Territoriais e que a selección se fixo tendo en conta ao persoal que xa viña manexando grandes datos.

Non teñen claro se poderá participar persoal doutras provincias da mesma DD.TT. realizando o traballo a distancia. O que si teñen claro é que este persoal non cobrará ningunha produtividade adicional por realizar estas funcións.

Persoal de habilitación→

Están a preparar unhas xornadas, ou unha acción formativa, ao estilo das que realizan co persoal das secretarías provinciais, para poñer en común criterios e unificar modos de actuación.

Persoal de subinspección e gardas en fin de semana→

Hai un problema de concepto e definición do que é unha garda (remunerada) e o que é unha actividade planificada en fin de semana.

Teñen claro que nalgún caso deuse esta problemática e por iso están a pedir información ás provincias para estudar o tema.

Real decreto ley 6/2023→

Este Real decreto lei establece diferentes medidas que afectan as nosas condicións de traballo.

- **Disposición transitoria 6;** No noso ámbito están afectados por este incremento de niveis mínimos;

4 efectivos do subgrupo A2 de corpos informáticos, da cota de interinos, que ocupan niveis 18

97 efectivos do subgrupo C1 de corpos xerais, da cota de interinos, que ocupan niveis 15

7 efectivos do subgrupo C1 de corpos xerais, funcionarios de carreira, que ocupan niveis 15.

Están a esperar que desde Función Pública indiquen o procedemento a seguir para cumprir esta disposición aínda non saben se se fará de oficio desde Función Pública ou se fará a través das Subsecretarías, en calquera caso garanten que terá efectos desde a entrada en vigor da norma.

- **Carreira profesional e avaliación do desempeño;** están á espera das disposicións normativas que Función Pública poida sacar, as que sexan competencia a tratar neste ámbito trátaranse.